

Martes, 22 de setembro de 2020

Núm. 183

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

MODIFICACIÓN MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ANUNCIO

Resolución da Alcaldía núm.:1976/2020 de data 02/09/2020:

ASUNTO: MODIFICACIÓN MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Considerando que por Resolución da Alcaldía núm. 2019-1941 de data 9 de xullo de 2019, en uso das facultades que me confire a normativa local vixente, nomeei aos membros que compoñen o órgano colexiado da Xunta de Goberno Local.

Tras a renuncia do concelleiro Leonardo Cabaleiro Couñago, da que tomou consideración o Pleno en sesión ordinaria celebrada o 30.07.2020 e logo da toma de posesión na celebración do Pleno na sesión do 21.08.2020, do concelleiro Alberto Álvarez Pérez.

Vistos os artigos 21 b) e 23 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), 65 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA) e 35, 43, 44, 46 e 5 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

RESOLVO

Primeiro: Nomear ao concelleiro ALBERTO ÁLVAREZ PÉREZ, membro integrante da Xunta de Goberno Local.

Segundo: A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198 e na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Terceiro: Notificar a presente resolución ao interesado, dar conta da mesma ao pleno do Concello e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello sen prexuízo da súa plena validez e eficacia xurídicas a partir do día seguinte ao desta data.

En Redondela, 14 de setembro de 2020.

A Alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:N3816JVELLOQRVTP

